

Traballo exposto o martes 28 de abril de 2009 no IES Sánchez Cantón. Clase de Lingua e Literatura Galega do século XX.

Autoras: Raquel Morales, Andrea Cores, Sheila M^a. Redondo

Tema 5: A vivencia da morte segundo a clase social e a cultura

Texto 2: Castelao: *se eu fose autor*

-Material utilizado: ordenador portátil, canón de vídeo, traballo escrito

-Tempo: 37 minutos

-Descrición: as alumnas foron explicando o tema sobre os **pps, e o vídeo** alternándose as tres. Só expuxeron o tema da morte. A parte literaria como fora visto na clase o texto e de acordo co profesor só entregaron o resultado, porque a exposición tiña que ser só nunha clase.



Texto da exposición

Introdución:

O fenómeno biolóxico da morte, dende a aparición do home na Terra, foi observado nalgunhas culturas como a continuidade da vida, sendo estreitamente relacionada coas crenzas relixiosas sobre a natureza da morte e a existencia dunha vida despois dela, sen embargo noutras foi observada como a negación absoluta da mesma.

Existen dous grandes concepcións sobre este feito: o materialismo e o espiritualismo.

Para os materialistas, a morte é a fin de todo, pois a vida se reduce a nacer e morrer. Non cren que algo sobreviva despois da morte; unha vez extinguida a vida material todo remata.

Os espiritualistas, sen embargo cren que existe un alma ou espírito que sobrevive despois da morte física. Cren nun destino definido rexido pola conduta que levamos durante a nosa existencia.

Todo o ritual que acompaña á desencarnación do ser implica importantes funcións psicolóxicas, sociolóxicas e simbólicas para os membros dunha colectividade e ten que ver non só coa preparación e despedida do cadáver senón tamén coa satisfacción dos familiares.

Agora imos ver algúns dos rituais que facían nalgunhas culturas como Grecia ou Roma. Daremos paso despois ao coñecido ritual de momificación e aos rituais maias e aztecas, para rematar falando un pouco de cómo eran os ritos fúnebres na Galicia de comezos do S.XX.

- 1º_ Grecia (texto + pps)
- 2º_ Roma (texto + pps)
- 3º_ Exipto (texto + pps + vídeo)
- 4º_ Maias/Aztecas (texto + pps)
- 5º_ Galicia comezos S.XX (texto)

***O ritual fúnebre na Grecia clásica: (foto presentación)**

En Grecia, o deber máis importante dos fillos era axudar aos seus pais, pero sobre todo no referido á morte. Era obriga dos fillos, enterrar aos pais segundo os ritos. Neste ámbito as mulleres desempeñaban un papel importante:

_ En primeiro lugar, elas eran as encargadas de lavar, untar con esencias perfumadas e vestir con roupa branca ao cadáver. Logo era vendado e envolto nun "sudario" (que era un lenzo co que se cubría o Corpo do cadáver) co rostro ao descuberto; a continuación era colocado nun leito para que amigos e familiares o visen por última vez.

O morto quedaba exposto así coa cara ao descuberto, a cabeza coroada de flores e os pes dirixidos cara a porta, durante un día ou dous na entrada da casa.

Na casa mortuoria podían entrar todos os homes (que polo xeral, vestían traxes de loito negros, grises ou brancos), pero as mulleres tiñan o acceso restrinxido, só podían entrar as de parentesco moi próximo.

Nalgunhas épocas, colocábaselle unha moeda na boca ao morto **(fotos das moedas)**, porque se cría que era necesario para lle pagar a Caronte, o barqueiro do mundo dos mortos, quen coa súa barca transportaba ás almas dunha a outra beira do río Aqueronte. **(fotos de Caronte, por último a de Caronte na Coruña)**

_ En segundo lugar, eran as mulleres quen con sombrillas e abanos protexían do sol e das moscas ao cadáver e dirixían o "ritual das lamentacións".

Sentadas xunto ao defunto, exteriorizaban a pena.

Nas casas con recursos económicos se contrataba a "plañideras" (choronas) **(foto de carpideira)**, que entoaban os cantos fúnebres e se tiraban dos cabelos como mostra de dor.

Diante da porta da casa do defunto se colocaba unha rama de ciprés e un vaso de "auga lustral" traída da casa dalgún veciño (isto débese a que a auga da propia casa considerábase contaminada) de maneira que, ao saír da visita, a xente se rociaba con ela ao tempo que indicaba a presenza dun cadáver na casa.

Antes do amencer tiña lugar a procesión para trasladar ao cadáver ao campo santo. Esta era unha das poucas ocasións nas que a muller ateniense podía saír da súa casa, de acordo coas leis da cidade.

Antes de saír da casa do defunto se facían libacións aos deuses **(fotos de libación)** que é un ritual relixioso que consistía na aspersion dunha bebida en ofrenda a un deus.

O cadáver era trasladado en brazos dos familiares ou escravos, sobre o leito no que estivera exposto, ou era levado nun carro tirado por animais.

A comitiva fúnebre ía encabezada por unha muller que levaba un vaso para ás libacións (xa no campo santo), detrás ían os homes seguidos polas mulleres da familia e por último, pechando a procesión, ían os tanxedores de óboe **(foto dos tanxedores)** que eran os que tocaban o óboe.

O campo santo estaba sempre fóra das murallas da cidade e alí o corpo se inhumaba e se incineraba nunha fogueira. Cando se incineraba o corpo, as cinzas e os ósos que quedaran se recollían nun lenzo branco e se colocaban nunha urna funeraria **(fotos urnas)**

Tamén as mulleres eran as que realizaban as libacións de auga lustral, viño ou aceite sobre a tumba do morto, mentres pronunciaba súplicas e frases rituais dirixidas ás divindades do inferno. **(fotos de Hades)**

Así mesmo, eran elas as que depositaban ofrendas xunto con estelas funerarias: coroas, ínfulas ou pequenos leцитos (vasos perfumados) **(foto de leцитos)**

Unha vez feito isto despedíanse do defunto. De volta a casa, todos os membros da familia se lavaban como ritual de purificación (os gregos crían que a impureza provocada polo contacto coa morte era a peor de todas) e participaban nunha comida en honor ao defunto. Ao día seguinte a casa tamén era purificada con auga de mar.

Tras todo isto se celebraban banquetes ao tercer día, ao noveno e ao trixésimo; logo só nos días de aniversario da morte.

*** Ritual fúnebre na Roma clásica: (foto principal)**

Un claro exemplo de distinción entre grupos sociais tanto na vida como na morte dáse na cultura romana, máis concretamente nos seus ritos funerarios.

A morte, como ocorría durante a vida dos romanos distinguía aos ricos dos pobres na idade clásica.

Onde mellor se distinguía esa diferenza era na elaboración do funeral, pois era pola noite cando se enterraba ás xentes humildes, mentres que os cidadáns distinguidos eran enterrados á luz do día.

Cando morría un cidadán importante na Roma clásica se lle dispensaba un primeiro rito: "o conclamatio" que consistía en chamar ao morto polo seus nome; isto probablemente tiña un dobre sentido: o de comprobar que realmente estaba morto e o de servir como despedida do falecido.

A continuación se lle lavaba e se lle vestía en consonancia coa súa categoría **(foto toga, só hai unha)**

_Cunha toga normal se non ocupara cargos relevantes, cunha "toga praetexta" se fora cónsul, cunha "toga purpúrea" se fora censor e cunha "toga picta" se algunha vez celebrara algún triunfo ou polo menos fora merecedor del.

Así vestido, se lle colocaba deitado nun atrio da súa casa, cos pés cara a porta (como en Grecia) e arredor del se distribuían lámpadas, flores, se queimaban perfumes e un escravo se encargaba de abanicalo.

As mulleres da familia ou as carpideiras contratadas choraban e gritaban, e os amigos acudían a renderlle a súa última visita.

O enterro dun romano de elevada condición económica e social se caracterizaba pola solemnidade do ritual. Diante da comitiva fúnebre ían os escravos tocando frautas, trompas e trompetas, os portadores de antorchas, as carpideiras profesionais, os bailaríns e os mimos.

Xunto á tumba situada nunha das vías que conducían á cidade **(fotos tumbas)**, se incineraba o cadáver. Sobre a pira se colocaba ao morto dentro do seu ataúde e os familiares e amigos poñían obxectos que foran do

agrado do defunto. Tamén lle abrían e lle pechaban os ollos por última vez, lle daban un bico de despedida e un parente ou amigo prendía a pira, que estaba adornada con flores e recipientes de perfume.

Nos cemiterios das grandes cidades, soía haber un forno crematorio. Cando a chamas se extinguían, as brasas eran apagadas con viño e os ósos que quedaban se recollían e eran depositados, xunto coas cinzas, nunha urna funeraria. **(fotos urnas)**

En Roma, destacan tamén as "imágenes maiorum" **(foto de Imago maiorum)** que consistían en mascariñas de cera que se lle facía ao difunto para logo esculpilas en mármo. Estas eran exhibidas en procesión portadas polo "pater familiae" **(foto pater familiae)** unha vez ao ano.

As xentes humildes pola contra, eran enterradas pola noite, e en xeral os mortos pobres eran inhumados porque este acto era máis barato ca incineración.

A única iluminación presente nos funerais pobres eran apenas uns cirios e antorchas, posto que se celebraban ás aforas da cidade xa que estaba visto como algo impuro.

O funeral dos nenos era un funeral cruel "funus acerbum" porque abandonar a vida tan temprano ía en contra das leis naturais e isto constituía un temor supersticioso entre os romanos.

Moitas veces os defuntos eran enterrados en fosas comúns e sen previo ritual.

*** O ritual fúnebre en Exipto:**

Dentro dos costumes funerarios do Antigo Exipto, os exipcios seguían unha elaborada serie de rituais de enterramento que consideraban necesarios para asegurarse a inmortalidade trala morte. Estes rituais e protocolos incluían a momificación, a pronunciación de feitizos máxicos e a inclusión de obxectos moi específicos nas tumbas, que se pensaba que serían necesarios na outra vida.

A pirámide foi pensada como tumba inviolable do soberano, destinada á eterna preservación do seu corpo, incorrupto polo embalsamento, e do seu enxoval funerario. So de este modo posibilitábase a residencia da alma no corpo e a súa supervivencia no mundo do mais alá. Para protexer o corpo e o enxoval de eventuais saqueadores multiplicábanse as dificultades de acceso á cámara, interpoñendo toneladas de pedra, dispoñendo portas falsas, corredores cegos, cámaras dobres, etc...

Momificación:

Manter o corpo do individuo intacto tralo falecemento era necesario para que o "Ka" ou a forza vital dos exipcios tivera un sitio onde habitar trala morte. Os enterramentos pouco profundos na area quente do deserto

moitas veces servían como momificación, pero cando os corpos enterrábanse en tumbas , comezaban a descompoñerse moi rápido. Os antigos exipcios usaban a momificación para impedilo.

Os servizos funerarios eran accesibles para calquera que puidera pagalos, aínda que so os membros da sociedade mais adifneirados podían permitirse servizos mais elaborados.

O proceso básico comezaba colocando o corpo sobre unha táboa plana, e practicando un corte no abdome. Nas momificacións mas elaboradas, o corte facíao un sacerdote levando unha máscara de Anubis, a divindade asociada coa momificación e gardián da Necrópole. Despois, o corpo lavábase por dentro e por fora con viño de palma. Os pulmóns, o fígado, os intestinos e o estómago extraíanse e momificábanse a parte e introducíanse en vasos canopos (recipiente empregado no Antigo Exipto onde se depositaban vísceras dos defuntos, lavadas e embalsamadas, para manter a salvo a imaxe unitaria do corpo.) . O corazón deixábase intacto, xa que os exipcios crían que nel residía a esencia da persoa. Dado que os antigos exipcios non coñecían a función cognitiva do cerebro, extraíano rompendo a delgada capa de oso que separa a cavidade nasal e a craneal. Para conseguilo, introducían unha vara en forma de garfo polo nariz, axitando o cerebro ata que facíase líquido e vertíase a través do nariz. Despois limpaban a cavidade craneal con liño e a cubrían con resina quente para selala.

A cavidade corporal e as tres partes separadas lavábanse novamente con viño de palma. O corpo mergullábase en natrón durante uns corenta días, con paquetes de natrón dentro do peito. O natrón deshidratava o corpo, o cal, xunto a elevada concentración de sales, previña a aparición de bacterias e a descomposición do cadáver.

Despois a momia envolvíase nunha serie de tiras de liño, pegadas ao corpo con brea ou resina. Entre os pregamentos introducíanse amuletos máxicos para protexer o corpo de espíritos malignos e axudar ao alma na súa viaxe cara a outra vida. Todo este proceso completábase en setenta días, tras o cal a momia entregábase á familia o defunto para o seu enterro.

O cortexo funerario, unha vez que o cadáver estaba preparado consistía nunha procesión ata a tumba, iniciada polo sacerdote ao que seguían os criados que portaban os obxectos que se depositarían na tumba. O sarcófago arrastrábase por un trineo e os vasos canopos por outro. Á chegada á tumba o sacerdote procedía a realizar o derradeiro rito do proceso, que consistía na cerimonia da " Apertura da boca" na que se lle outorgaba ao defunto o uso dos órganos do seu corpo para asegurarse de que a momia podería falar e respirar na outra vida.

Na tumba colocábase o sarcófago e os Ushebtis (pequenas estatuas que os exipcios pensaban que traballarían para eles na outra vida) ademais de todo o que o alma puidera necesitar.

Desde os tempos mais remotos da historia exipcia, cada exipcio enterrouse con alomenos un pequeno enxoval funerario, un conxunto de obxectos que pensaban que lles serían necesarios trala morte. Este enxoval consistía nunha serie de obxectos cotiáns coma tazas ou pentes, ademais de comida. Os exipcios mais adiñeirados enterrábanse con xoiería, mobles, e outros artigos de luxo, os cales atraían aos ladróns de tumbas. El enxoval tamén incluía un Urs, un amuleto con forma de almofada deseñado para protexer a cabeza da momia.

*** O ritual fúnebre nos Maias e Aztecas:**

Maias:

A civilización maia habitou unha rexión ubicada xeograficamente no territorio sureste de México nos cinco estados de Campeche, Chiapas, Quintana Roo y Yucatán; tamén nos territorios de América Central dos actuais Belice, Guatemala, Honduras e o Salvador, cunha historia duns 3.000 anos.

As pirámides son os seus templos e os fieis asistían as cerimoniais ao aire libre. Solicitaban cousas aos seus deuses que eran os dons da vida, da saúde e o sustento.

Nos seus ritos eran habituais as danzas que cumprían unha parte importante do ritual, e as festas, onde os sacerdotes organizaban as cerimoniais, a ornamentación dos templos e a presentación das ofrendas.

Conservaban os cranios dos seus antepasados para despois utilizalos como elementos fundamentais dos ritos ofrecidos os mortos.

O "xogo da pelota" concibíano como un ritual que representaba as orixes do universo; que era un rito de iniciación á morte e á reencarnación.

Nos elementos cerimoniais destacan os autosacrificios, como por exemplo a perforación da lingua, os órganos sexuais etc. ofrecendo a sangue recollida; sacrificios de animais, o xexún, a abstinencia sexual e tamén o uso de tabaco silvestre ou fungos alucinóxicos.

Segundo a relixión maia, despois da morte a alma emprende un camiño ao inframundo, onde debe atravesar un río axudada dun can.

En síntese, era unha cultura onde os ritos estaban moi presentes na súa vida, pero sobre todo á hora de levar a cabo a súa relixión.

Aztecas:

Os aztecas ocuparon a meseta central do Altiplano de México, fundando a súa capital ás beiras do lago Texcoco.

Segundo os aztecas o mundo foi creado e destruído catro veces. Finalmente foi creado polos deuses. Eles fixeron a terra e separaron o ceo; crearon tamén ao ser humano e á vexetación.

Dicían que soamente se vive unha vez. Para eles a única forma de perdurar tras a morte é alcanzar a fama, aínda que a fama desaparece cando morren os que recordan aos defuntos.

Esta cultura cría que a vida de ultratumba dábbase en dous territorios denominados Mictlan e Tlalocan. No primeiro conseguíase a paz eterna; e no segundo atopábase o paraíso.

Cando tiñan lugar estas cerimoniais mortuorias entoábanse cantos ó compás de frautas e bombos. As cerimoniais eran dirixidas polos anciáns do lugar, xa que eran considerados os máis sabios.

Empregábase unha máscara mortuoria que era revestida por turquesas.

Para eles existía o señor da morte, que era o deus dos infernos e os mortos. Representábase cun esqueleto humano.

O pensamento do culto a morte dos aztecas é que os mortos van ao mundo que lles é propio, que é o das sombras e regresa a esencia que anima o universo.

As representacións máis comúns da morte son as esqueléticas, o home ou muller da gadaña e a calivera.

*** O ritual fúnebre en Galicia a comezos do S.XX:**

En canto ao ritual da morte en Galicia que se facía durante a primeira metade do século XX, imos analizar as tres etapas: amortallamento, velorio e enterro.

Este tema da para moito máis, sirva de mostra que o morto seguía presente mentres vivía a súa familia. No Nadal, por exemplo, se dispuña na mesa o sitio do cabeza de familia morto ou se lle reservaba unha barra de pan.

O amortallamento:

Hasta ben entrado o século XX, en moitas aldeas galegas os mortos ían envoltos nunha saba ou sudario(debaixo levaban: camisa e calzón os homes, e camisa, saia e medias as mulleres) quizais por iso almas en pena que se encontraban vagando errantes na noite, ían vestidas con túnicas brancas.

Normalmente, ademais das medidas que se daban no resto dos lugares como atar un pano dende a barbilla á cabeza para cerrarlle a boca, en Galicia se lavaba o corpo e se afeitaba ao defunto, ademais se lle taponaban os orificios nasais para evitar que a alma volveuse ao corpo.

Nalgúns lugares colocábase sobre o cadáver unha sisoiras, un anaco de ferro, un prato con sal e un pente. As sisoiras tiñan como finalidade que non se propagase a gangrena, o ferro era para q o corpo non se inchase e a sal para espantar aos malos espíritos (o demo). O pente estaba mais ben relacionado co simbolismo funerario, xa que o cabelo se gardaba despois de peitearse, entre os hocos das paredes da casa, porque despois virían as almas a recollelo.

O velorio:

En moitas parroquias o velorio se facía na propia igrexa, se levaba o morto dende a súa casa ata a igrexa nun escano, unha especie de parihuela de madeira, e dende alía o campo santo.

Cando había un morto nunha aldea, ya fora o velorio na súa casa ou nunha igrexa, acudían a totalidade dos veciños a velar o cadáver; nos núcleos de poboación máis habitados, so acudían coñecidos ou achegados.

O costume era, que mentres as mulleres rezaban, os homes ocupaban a cociña e se lles servía augardente, logo se ceaba copiosamente e para pasar a noite, se facían xogos e pasatempos.

Ata o último cuarto do século XX as viúvas levaban loito de por vida; o resto dos familiares tras o loito, que duraba moitos anos, pasaban ao alivio antes de vestir de cor.

Ata hai pouco, as mulleres da Costa da Morte ían de loito case de por vida, primeiro era polo avó, logo polo pai, o marido, os fillos e se lle daba tempo os netos.

Se lle choraba ao morto e en función do poder económico da familia se contrataba a choronas (carpideiras); algunhas alcanzaron unha gran fama, como as de Cangas.

O enterro:

O cadáver debía saír cos pes por diante e ir nesa posición ata chegar ao campo santo e mentres se celebraba a condución do morto, todos os comercios e bares pecharían e as campás da igrexa tanxerían ao morto.

A orde da comitiva, tiña a peculiaridade de que os que ían diante no desfile do enterro eran os animais.

Ao saír o cadáver da casa era cando o pranto das plañadeiras debía ser máis sonoro e a familia gritaría desesperada pola perda.

Se o morto era xove, conviña levar música na condución, e nalgúns lugares, cando se acercaban ao campo santo, os amigos que portaban o ataúde, ao ritmo da música daban tres pasos cara diante e dous cara atrás; iso era unha forma de prolongar ao amigo no mundo dos vivos.

Conclusión:

Como conclusión falaremos de cómo a morte é tomada entre nós.

Existen tres feitos certos:

_Feito certo número un: a todos nos asusta a morte, iso é algo inevitable co que convivimos a diario, pero tratamos por todos os medios que non sexa algo demasiado presente nas nosas conversas. Preferimos ignorar. Mercamos roupa nova, trocamos de móbil, de peiteado e mesmo de parella; pero nada de iso pode borrar unha certeza na que nos negamos a pensar : UN DIA MORREREMOS.


_ Feito certo número dous: en España rendemos culto á dor. Máis da metade da programación televisiva fala de sucesos relacionados con ela. É a nosa herdanza latina por moi europeos que queiramos ser. É aburrido recorrer aos tópicos, pero se pensamos nun enterro italiano, nas películas vemos como unha comitiva chea de mulleres gritan e fan aspaventos; e en España hasta fai ben pouco tamén era así: agora nos "civilizamos" e xa non temos, por exemplo, carpideiras, en vez diso temos urnas con cinzas, pero basta saír dunha gran capital ou cidade para encontrar un enterro cheo de ostensibles mostras de tristeza e pranto como os de antes.

_Feito certo número tres: a dor é universal, pero a forma de demostralo cambia, e aí é onde nacen as diferentes Culturas da Morte e grazas a elas temos toda unha serie de ritos que fan do mundo un lugar variopinto no que á morte se refire.

Cousas, Castelao

Daniel Manuel Rodríguez Castelao naceu nunha cidade coruñesa de Rianxo en 1886; morreu no exilio, en Bos Aires (Arxentina), en 1950. Importante político, escritor, pintor e debuxante. Foi un dos pais do nacionalismo galego.

Estudou medicina e afirmaba: "fixenme médico por amor ó meu pai; non exerzo a profesión por amor a humanidade".



En 1908 expuxo os seus debuxos en Madrid e comeza a colaborar coa revista Vida Galega. Entre 1909 e 1910 fai un curso de doctorado en Madrid e participa na III Exposición Nacional de Humoristas e colabora como ilustrador do Conto Semanal.

Colaborou en múltiples publicacións periódicas, como El Liberal, El Gran Bufón, La Ilustración Gallega y Asturiana, Mi Tierra, Suevia; La Voz de Galicia etc.

En 1931 resultou elixido deputado como galeguista independente para as Cortes Constituíntes da segunda República e participou na constitución do Partido Galeguista.

Formou parte da Real Academia galega e participou na campaña polo sí ao Estatuto de Autonomía de Galicia.

O episodio a tratar forma parte da obra Cousas. Esta obra é unha selección de historias con Galicia de fondo e como protagonistas a sociedade galega a través de personaxes que cumpren unha función de exemplo: o emigrante en terras alleas, o bruxo da aldea, a anciana desvalida, etc.

A través do seu vocabulario reflicte unha Galicia pobre, rendida e en moitos casos humillada.

Empregando ironía e retransa centrase nunha época indefinida que sería desde finais do S.XIX ata comezos do S.XX.



“ Se eu fose autor ”, componse de dous lances relacionados polo seu contido.

O primeiro lance fai unha representación dunha corte aldeá onde hai unha vaca morta, arredor da cal a xente labrega estalle a facer o pranto, dicindo cousas tristes que fan rir, ditos comúns da xente labrega.

Este primeiro lance vai dirixido á xente rica para que se farte de rir; xa que para os señoritos a morte dunha vaca non é motivo para chorar nin facer pranto.

O segundo lance representa un estrado elegante e enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce hai unha cadela morta nunha bandexa de prata. Ó seu redor as señoritas fan o pranto e din tódalas parvadas que dixeron os labregos pola morte da vaca.

Este lance diríxese á xente labrega para que rían a cachón.

Castelao empregando o humor establece unha pequena relación entre as accións naturais da xente labrega e dos señoritos. Pois a ambas doeulles a morte dun animal.

Os labregos sentiron a súa morte xa que para eles a vaca ademais de ser un animal preciado é un animal do que sacan moito proveito para a alimentación, venda ...

Por outra banda os señoritos choran a morte da cadeliña porque para eles é un animal de compañía.

Parece que Castelao quere sinalar algo cando di que a xente labrega rise a cachón; é como se quixera decir que estes rin máis caos señoritos.

En conclusión pódese dicir que é unha obra sinxela pero que a través do seu contido vai máis alá; xa que dunha forma irónica e humorística fai unha reflexión das diferenzas e semellanzas das distintas clases sociais.

Sheila M^a Redondo Portela
Andrea Cores Esteban
Raquel Morales Alves

A presenza da morte na literatura galega do século XX

- **Tema:** "A vivencia da morte segundo a clase social e a cultura"

0. Introducción: Raquel Morales Alves

1. Grecia:

_ **Redación do texto:** Raquel Morales Alves

_ **Realización do ppt:** Andrea Cores Esteban

2. Roma:

_ **Redación do texto:** Raquel Morales Alves

_ **Realización do ppt:** Raquel Morales Alves

3. Exipto:

_ **Redación do texto:** Andrea Cores Esteban

_ **Realización do ppt:** Andrea Cores Esteban

_ **Búsqueda do vídeo:** Andrea Cores Esteban

4. Maias / Aztecas:

_ **Redación do texto:** Sheila M^a Redondo Portela

_ **Realización do ppt:** Andrea Cores Esteban

5. Galicia:

_ **Redación do texto:** Raquel Morales Alves

6. Conclusión: Raquel Morales Alves

7. Castelao, Cousas: Sheila M^a Redondo Portela